



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A OBRA DA “ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS E BOMBEO SAÍDA RÍO CABE (1ª FASE) DA ÁREA LÓXÍSTICA E INTERMODAL PORTO SECO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO)”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo da Consellería de Infraestruturas e Vivenda

DECLARA:

Que o Instituto Galego da Vivenda e Solo ten previsto formalizar co concello de Monforte de Lemos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día 14 de abril de 2016 ata o 31 de decembro de 2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre o IGVS e o Concello de Monforte de Lemos, para a execución e o financiamento do proxecto denominado “ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS E BOMBEO SAÍDA RÍO CABE (1ª FASE) DA ÁREA LOXÍSTICA E INTERMODAL PORTO SECO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO)”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, como promotor da actuación da Área loxística e Intermodal de Porto Seco de Monforte de Lemos (Lugo) encargou a urbanización, mediante unha encomenda de xestión, a empresa pública Xestur Lugo S.A. Durante a execución das obras foron solicitadas as correspondentes autorizacións ante os organismos competentes. A tal efecto, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, non autorizou a conexión das augas residuais da Área Loxística e Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos á rede municipal, tal como estaba previsto no proxecto sectorial aprobado, porque o saneamento do núcleo de Monforte de Lemos presentaba problemas que impedían tratar novos vertidos.





Co fin de dar solución ao saneamento de augas residuais interiores do Porto Seco, é necesaria a execución dun sistema de depuración propio que garanta o servizo de saneamento da Área Loxística e Intermodal do Porto Seco, facilitando a actividade industrial na mesma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de marzo de 2016

